

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 16 de setembro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezaseis de setembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada Dna. *Noemí Outeda Prol*, nin o vicepresidente D. *Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32095.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de setembro 2022.

2.32096.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022-2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN VIAS RURAIS NO CONCELLO DA ESTRADA – PLAN CONCELLOS 2022 – 2023)” (Expte. 2022056565)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 25/02/2022 consta a entrada no rexistro da Deputación WEB2022009420, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de A Estrada* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 435.328,39 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora do campo de fútbol de A Nogueira*”.

Revisada a documentación achegada polo servizo de Cooperación, requírese documentación de índole administrativa.

En data 31/08/2022 consta entrada no rexistro da Deputación (WEB2022047005), ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, oficio do *concello de A Estrada* no que informa que tal investimento non pode levarse a cabo por causas sobrevidas e solicita o cambio do investimento presentando unha nova solicitude.

A nova petición do *concello de A Estrada*, polo importe de 435.328,39 euros, con destino ao financiamto “*Pavimentación vías rurais no concello da Estrada – Plan Concellos 2022-2023*”, cun orzamento polo mesmo importe, queda configurada segundo se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	60.708,08	60.708,08	0,00	0,00
2023	374.620,31	374.620,31	0,00	0,00
TOTAL	435.328,39	435.328,39	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial do Servizo de Mobilidade desta Deputación Provincial.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente de tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos, ademais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 05/09/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 05/09/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/09/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Estrada* CIF P3601700B a cantidade de 435.328,39 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación vías rurais no concello da Estrada – Plan Concellos 2022-2023*”, (Exppte. 2022056565) cun orzamento polo mesmo importe tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	60.708,08	60.708,08	0,00	0,00
2023	374.620,31	374.620,31	0,00	0,00
TOTAL	435.328,39	435.328,39	0,00	0,00

- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial do Servizo de Mobilidade desta Deputación Provincial, sendo imprescindible que o *Concello* a remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan, así como, as correspondentes comunicacións previas ante ó Servizo de Estradas da Xunta de Galicia e Augas de Galicia.



- Autorizar e comprometer o gasto de 60.708,08 € na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Polo que respecta á anualidade 2023 (374.620,31 €), financiarase con cargo á correspondente aplicación que será no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de A Estrada* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

3.32097.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 29/07/2022 (Nº 7.32007), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ENSANCHE DUN VIARIO MUNICIPAL EN A INSUA” (Expte. 2022011127)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

En data 29/07/2022, mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 7.32007 concedeuse ao *Concello de Ponte Caldelas*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención para o investimento “*Ensanche dun viario municipal en A Insua*” polo importe que se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	64.830,82 €	64.830,82 €	-----
2023	00,00 €	00,00 €	
Total	64.830,82 €	64.830,82 €	

A concesión da subvención se fixo condicionada a obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas, e que malia terse pedido en tempo, non constaba aínda a súa efectiva obtención. Asemade o Concello postergou a aprobación do proxecto e a remisión da acta de trazado previo á obtención dos permisos anteriormente sinalados.

Mediante rexistro web 2022044546 de data 10/08/2022, o Concello manifesta que se ve avocado a reformular o proxecto orixinal ao seguir as prescricións da Axencia Galega de Infraestruturas. Emporiso se presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 16/08/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do Enxeñeiro de Cooperación, de data 16/08/2022, e do Técnico de Xestión do Servizo de Cooperación de data 16/06/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da Intervención provincial, de data 08/09/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2022011127 constando en dito expediente o Acordo da Xunta de Goberno núm. 7.32007, do día 29/07/2022, polo que se concede ao concello de Ponte Caldelas, CIF P3604300H, a cantidade de 64.830,82 euros con destino ao financiamento do investimento “*Ensanche dun viario municipal en A Insua*” (Expte. 2022011127).
- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudica dereitos de terceiros.



- A modificación do acordo de concesión da presente subvención, ao igual que a concesión, queda condicionada á obtención das autorizacións e permisos necesarios para executar as obras, en particular de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) así como á presentación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que os remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- O resto do Acordo da Xunta de Goberno núm. 7.32007, do día 29/07/2022, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponte Caldelas*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

4.32098.- CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022 (Expte.2022004164)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 18 de marzo de 2022 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022, publicadas no BOPPO nº 54 de 18/03/2022, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 08 de setembro de 2022 e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 330.000,00 , dos cales 180.000,00 € están destinados para a Liña 1 e 150.000,00 € para a Liña 2 e con cargo a aplicación orzamentaria 22/340.3410.489.04 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 200 entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022 (programa DE_E/22) e que figuran nas relacións que se achegan cos seguintes CSV:

Relación Liña 1: IXMJAU6JONXGDG9W

Relación Liña 2: IILY1ZBL3KH2GL8T

excluíndo deste programa 30 solicitudes: 25 solicitudes por non encaixar en bases, 2 solicitudes por non presentar documentación requirida e 3 solicitudes por renuncia a continuación da tramitación da solicitude de subvención, e que se indican co seguinte CSV: OEUN8GYFC8UV9OV1



5.32099.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DA SEGUNDA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DEPOTERMAL 2022 E CORRECCIÓN DE ERROS DA PRIMEIRA. (Expte. 2021048130)

Primeiro.- A Xunta de Goberno aprobou, na sesión celebrada o 26 de novembro de 2021, as bases que regulan o procedemento de admisión no programa, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 64, de 1 de abril de 2022.

Segundo.- O programa ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, establecendo novas relacións sociais e favorecendo a participación en actividades que melloren o seu estado anímico, por medio de movementos de participación e cooperación social que promovan espazos de encontro e intercambio de experiencias co fin de evitar o illamento e as situacións de soidade que poidan levar á vulnerabilidade.

Terceiro.- O plan “Depotermal” 2022 pon en marcha dous programas termais ofertando un total de 4.434 prazas:

- a) Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas, que contará con 1.248 prazas.

Das prazas totais ofertadas nesta modalidade:

- 1.062 prazas: a Deputación subvencionará ata un máximo de 53,55 e por praza. A subvención que percibirá cada persoa solicitante calcularase en función da súa renda persoal de forma individual e persoal de acordo cos seguintes tramos:
 - Ata o 100% do SMI (40%) importe subvencionado 53,55 €
 - Entre o 101% e o 150% do SMI (30%) importe subvencionado 40,16 €
 - Entre o 151% e o 200% do SMI (20%) importe subvencionado 26,78 €

As persoas que perciban ingresos superiores ao 201% do SMI aboarán o 100% do prezo de praza. Tomando como referencia a subvención máxima, o importe retido para a posta en marcha do Plan Termal /Diúrno supón un total de 56.870,10 €.

- 186 prazas (3 por concello adherido): a Deputación subvencionará 107,10 € por praza, o que supón un total de 19.920,60 €, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante.

- b) Programa termal con Pernoita en réxime de pensión completa, de domingo a venres, no que se ofertan ata un máximo de 3.186 prazas.

Das prazas ofertadas nesta modalidade:

- 3.062 prazas: as persoas beneficiarias aboarán a cantidade total resultante do prezo de adxudicación.



- 124 prazas (2 por concello adherido): a Deputación subvencionará 280,73 € do custo total do programa, o que supón un total de 34.810,52 €, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante.

No caso de que non se cubran as prazas para as persoas en situación de vulnerabilidade en cada modalidade do programa, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

O importe total de ambas modalidades ascende a 111.601,22 € con cargo á aplicación 22/231.2311.227.07 (fiscalizado con data 17 de novembro de 2021) (CSV):99J4471M9WNQ6ET3.

Cuarto.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes da primeira convocatoria, recibidos os informes sociais dos concellos e tramitados os expediente o resultado foi o que sigue:

4.1. Asistencia diaria, 405 solicitudes, das cales 4 están excluídas.

Das 401 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladora do programa é o seguinte:

PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 48 PRAZAS		0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PRAZAS	53,55 €	12.744,90 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 66 PRAZAS	40,16 €	2.650,56 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 44 PRAZAS	26,78 €	1.178,32 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS	107,10 €	535,50 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 401	IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR:	17.109,28 €

4.2. Pernoita, 1.329 solicitudes, das cales 23 están excluídas:

Das 1.306 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

			SUBVENCIÓN
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.297 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 9 PRAZAS	280,73 €	2.526,57 €	280,73 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 1.306	IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR	2.526,57 €	



O importe total a subvencionar para ambos programas ascende a un total de 19.635,85€ con cargo a aplicación 22/231.2311.227.07, sendo o importe total retido para este programa de 111.601,22 €.

Quinto.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a adxudicacións de prazas no plan termal “Depotermal” 2022, consonte ao anteriormente exposto.

Sexto.- Co fin de cubrir as prazas non adxudicadas na primeira convocatoria e do mesmo xeito satisfacer as demandas da cidadanía e dos concellos, no BOPPO N° 136 de data 18 de xullo de 2022 publicáronse as bases reguladoras de segunda convocatoria do plan termal 2022, ofertándose o seguinte número de prazas:

- Programa termal de asistencia diaria, 800 prazas:
 - o 700 prazas: a Deputación subvencionará ata un máximo de 53.55 €. A subvención que percibirá cada persoa solicitante calcularase en función da súa renda persoal de forma individual e mensual, de acordo cos tramos recollidos nas bases.
 - o 100 prazas de Servicios Sociais: (tres por concello adherido): a Deputación subvencionará 107,10 € por praza para os casos de persoas que estean en situación ou risco de exclusión social, que teñan escasos recursos económicos e para as que o programa sexa idóneo.

Que se desglosaría como segue tendo en conta a financiación prevista:

			SUBVENCIÓN
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 700 PRAZAS	53,55 €	37.485,00 €	53,55 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 100 PRAZAS	107,10 €	10.710,00 €	107,10 €
N.º TOTAL DE PRAZAS	800	48.195,00 €	

- Programa termal con Pernoita con 1800 prazas:
 - o 1700 prazas: as persoas beneficiarias aboarán a cantidade total resultante do prezo de adxudicación
 - o 100 prazas (dúas por concello adherido): a Deputación subvencionará 280,73 € do custo total do programa para os casos de persoas que estean en situación ou risco de exclusión social, que teñan escasos recursos económicos e para as que o programa sexa idóneo.



Que se desglosaría como segue tendo en conta a financiación prevista:

			SUBVENCIÓN
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 1700 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 100 PRAZAS	280,73 €	28.073,00 €	280,73 €
N.º TOTAL DE PRAZAS	1.800	28.073,00 €	

O importe total subvencionado para esta segunda convocatoria ascende a 76.268,00 €, que sumado ao importe da primeira convocatoria (Diurno: 17.109,28 € + Pernoita: 2.526,57 = 19.635,85 €), ascende a cantidade 95.903,85 €, por tanto, dentro do importe total retido de 111.601,22 € para este programa na aplicación orzamentaria anteriormente sinalada.

Sétimo.- Rematada a tramitación desta segunda convocatoria. O resultado é o seguinte:

7.1. Asistencia diaria: 149 solicitudes, das cales 1 foi rexeitada por ter adxudicada praza na primeira convocatoria.

Das 148 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

			SUBVENCIÓN
PRAZAS NON SUBVENZIONADAS 25			
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 70 PRAZAS	53,55 €		3.748,50 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 35 PRAZAS	40,16 €		1.405,60 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 16 PRAZAS	26,78 €		428,48 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 2 PRAZAS	107,10 €		214,20 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 148		IMPORTE TOTAL SUBVENZIONADO	5.796,78 €

7.2. Asistencia en réxime de Pernoita: 420 solicitudes, das cales 30 resultaron excluídas polos seguintes motivos:

- 19 por resultar adxudicatarias de praza na primeira convocatoria
- 1 por renuncia
- 2 por estar duplicadas as solicitudes
- 7 por residir fóra do ámbito da provincia
- 1 por titular non identificado na consulta de residencia



Das 390 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

		SUBVENCIÓN	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 389 PRAZAS		0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 1 PRAZAS		280,73 €	280,73 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 390	IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO	280,73 €	

A cantidade total subvencionada polas prazas admitidas nesta segunda convocatoria ascende a un total de 6.077,51 €.

Oitavo.- Revisada a tramitación da primeira convocatoria co fin de comprobar que non houbo duplicidades coas prazas solicitadas na segunda convocatoria puidose constatar a existencia dos seguintes erros, que deben ser obxecto de corrección no acordo de adxudicación de prazas ao que se fixo referencia no punto Cuarto deste informe, no seguinte sentido:

Onde di :

“... 4.1. *Asistencia diaria, 405 solicitudes, das cales 4 están excluídas.*

Das 401 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladora do programa é o seguinte:

PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 48 PRAZAS		0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PRAZAS	53,55 €	12.744,90 €	107,10 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 66 PRAZAS	40,16 €	2.650,56 €	53,55
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 44 PRAZAS	26,78 €	1.178,32 €	40,16
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS	107,10 €	535,50 €	26,78
N.º TOTAL DE PRAZAS 401	IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR:	17.109,28 €	



4.2. Pernoita, 1.329 solicitudes, das cales 23 están excluídas:

Das 1.306 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.297 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 9 PRAZAS	280,73 €	2.526,57 €	280,73 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 1.306	IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR	2.526,57 €	

O importe total a subvencionar para ambos programas ascende a un total de 19.635,85€...”

Debe dicir:

“4.1. Asistencia diaria, 406 solicitudes, das cales 6 están excluídas:

PLAZAS SIN SUBVENCIÓN 49			
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PLAZAS	53,55 €	12.744,90 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 65 PLAZAS	40,16 €	2.610,40 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 43 PLAZAS	26,78 €	1.151,54 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS	107,10 €	535,50 €	
Nº TOTAL DE PRAZAS: 400		17.042,34 €	

4.2. Pernoita, 1.324 solicitudes, das cales 27 están excluídas:

Das 1.297 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 1.289 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 8 PRAZAS	280,73 €	2.245,84 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 1.297		2.245,84 €

O importe total a subvencionar para ambos programas ascende a un total de 19.288,18€...”



E onde di (na parte dispositiva):

“A probar a adxudicación de prazos no plan termal “Depotermal” 2022, segundo o seguinte detalle:

● Programa Diúrno:

PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 48 PRAZAS		0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PRAZAS	53,55 €	12.744,90 €	107,10 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 66 PRAZAS	40,16 €	2.650,56 €	53,55
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 44 PRAZAS	26,78 €	1.178,32 €	40,16
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS	107,10 €	535,50 €	26,78
N.º TOTAL DE PRAZAS 401		IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR:	17.109,28 €

● Programa Pernoita:

PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.297 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 9 PRAZAS	280,73 €	2.526,57 €	280,73 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 1.306		IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR	2.526,57 €

Segundo.- Desestimar a 4 solicitantes do programa Diúrno e 23 do programa con Pernoita, polas causa especificadas nos listados que constan no expediente:

- Listado Programa Diúrno: Código seguro de verificación (CSV):4UWD208OWI82FDU9.

- Listado programa Pernoita: Código seguro de verificación (CSV):4HPY9XHOCS2FJ0P9.”



Debe dicir:

“Aprobar a adxudicación de prazos no plan termal “Depotermal” 2022, segundo o seguinte detalle:

● *Programa Diúrno:*

PLAZAS SIN SUBVENCIÓN 49			
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PRAZAS	53,55 €	12.744,90 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 65 PRAZAS	40,16 €	2.610,40 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 43 PRAZAS	26,78 €	1.151,54 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS	107,10 €	535,50 €	
Nº TOTAL DE PRAZAS: 400		17.042,34 €	

● *Programa Pernoita:*

FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 1.289 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 8 PRAZAS	280,73 €	2.245,84 €	
Nº TOTAL DE PRAZAS: 1.297		2.245,84 €	

Segundo.- Desestimar a 6 solicitantes do programa Diúrno e 27 do programa con Pernoita, polas causa especificadas nos listados que constan no expediente.”

En consecuencia, o número de prazos adxudicadas no programa DEPOTERMAL 2022 e a súa financiación é a seguinte:

	Oferta Inicial	Prazas 1ª C	Prazas 2ª C	Total
PLAZAS DIURNO	1.248	400	148	548
PLAZAS PERNOCTA	3.186	1.297	390	1.687

FINANCIACION DEPUTACIÓN 2022	
IMPORTE DIURNO	22.839,12 €
IMPORTE PERNOITA	2.526,57 €
TOTAL	25.365,69 €



Noveno.- Con data 12 de setembro de 2022 Intervención emite Dilixencia de fiscalización e conforme do informe-proposta deste Servizo CSV:EGJ66KZW0K8VQVLP) de data 12 de setembro, relativo á aprobación pola Xunta de Goberno da adxudicación (segunda convocatoria) de 538 prazas (148 prazas na modalidade de asistencia diaria e 390 na modalidade de Pernoita) por un importe total de 6.077,51 € e a exclusión de 31 solicitudes (1 solicitude na modalidade de asistencia diaria e 30 na de Pernoita), para a participación do programa DEPOTERMAL 2022, e a corrección de erros da primeira.

- Lexislación aplicable:
 - Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
 - Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións
 - Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de Procedemento para o Recoñecemento, Declaración e Cualificación do Grao de Discapacidade
 - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia
 - Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
 - Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal
 - Bases de execución do Orzamento Provincial vixente

De acordo co exposto, e tendo en conta a normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar a adxudicación de prazas da segunda convocatoria do plan termal “Depotermal” 2022, segundo o seguinte detalle:

- Asistencia diaria: 149 solicitudes, das cales 1 foi rexeitada por ter adxudicada praza na primeira convocatoria

Das 148 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

SUBVENCIÓN		
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 25		
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 70 PRAZAS	53,55 €	3.748,50 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 35 PRAZAS	40,16 €	1.405,60 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 16 PRAZAS	26,78 €	428,48 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 2 PRAZAS	107,10 €	214,20 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 148	IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO	5.796,78 €



- Asistencia en réxime de Pernoita: 420 solicitudes, das cales 30 resultaron excluídas polos seguintes motivos:

- 19 por resultar adxudicatarias de praza na primeira convocatoria
- 1 por renuncia
- 2 por estar duplicadas as solicitudes
- 7 por residir fóra do ámbito da provincia
- 1 por titular non identificado na consulta de residencia

Das 390 solicitudes admitas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

		SUBVENCIÓN	
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 389 PRAZAS		0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 1 PRAZAS		280,73 €	280,73 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 390	IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO		280,73 €

A cantidade total subvencionada polas prazas admitidas nesta segunda convocatoria ascende a un total de 6.077,51 €.

Segundo: Rectificar a adxudicación de prazas da primeira convocatoria, sendo o resultado o seguinte:

● Programa Diúrno:

PLAZAS SIN SUBVENCIÓN 49			
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PRAZAS		53,55 €	12.744,90 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 65 PRAZAS		40,16 €	2.610,40 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 43 PRAZAS		26,78 €	1.151,54 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS		107,10 €	535,50 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 400			17.042,34 €

● Programa Pernoita:

FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 1.289 PRAZAS		0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 8 PRAZAS		280,73 €	2.245,84 €
Nº TOTAL DE PRAZAS: 1.297			2.245,84 €



Desestimar a 6 solicitantes do programa Diúrno e 27 do programa con Pernoita, polas causa especificadas nos listados que constan no expediente.

En consecuencia, o número de prazas adxudicadas no programa DEPOTERMAL 2022 e a súa financiación é a seguinte:

	Oferta Inicial	Prazas 1ª C	Prazas 2ª C	Total
PLAZAS DIURNO	1.248	400	148	548
PLAZAS PERNOCTA	3.186	1.297	390	1.687

FINANCIACION DEPUTACIÓN 2022	
IMPORTE DIURNO	22.839,12 €
IMPORTE PERNOITA	2.526,57 €
TOTAL	25.365,69 €

Achéganse como Anexos:

- Primeira Convocatoria:
 - DIURNO: Listado de persoas solicitantes admitidas, excluídas e causas de exclusión da primeira convocatoria:
 - Código seguro de verificación (CSV): GROWW3YLW8FMGAPZ .
 - Código seguro de verificación (CSV): G7XXQMH534CM5RXS.
 - PERNOITA: Listado de persoas solicitantes admitidas, excluídas e causas de exclusión da primeira convocatoria:
 - Código seguro de verificación (CSV): G1F0FPI9FU6LLODD .
 - Código seguro de verificación (CSV): GVXRJXJ9CLEOCO1V.
- Segunda Convocatoria:
 - DIURNO: Listado de persoas solicitantes admitidas, excluídas e causas de exclusión:
 - Código seguro de verificación (CSV): GZ8G8HP16NCZUGD6 .
 - Código seguro de verificación (CSV): GNQ1CUOH2FAF9ZT4.
 - PERNOITA: Listado de persoas solicitantes admitidas, excluídas e causas de exclusión:
 - Código seguro de verificación (CSV): GEPYPOV7YAQJDJQP .
 - Código seguro de verificación (CSV): :G5GEGVEEC9EO3OGIJ



6.32100.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº1 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS E NA E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (CONCELLOS DE O PORRIÑO E GONDOMAR)”. (Expte. 2021033984)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15 de outubro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”, redactado pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais Dona María Elena Perez Alonso, cun orzamento base de licitación de 487.867,23 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): XZ0F6X533G3XAZXT.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/02/2022 acordou adjudicar procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., por un importe de 443.715,24 €, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 07/04/2022 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 07/08/2022.

Resultando.- Que con data 8/04/2012 formalízase entre o contratista e a dirección de obra, acta de paralización parcial da obra recollendo as unidades de obra que quedan suspendidas.

Resultando.- Que mediante informe emitido pola directora da obra na data 17/06/2022 solicítase autorización de redacción de proxecto modificado da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”

Resultando.- Que o obxecto do proxecto aprobado é definir as obras de mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS (dende o p.q. 0+000 ó p.q. 11+500) e na E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (dende o p.q. 0+000 ó p.q. 0+780). Sendo necesario proceder o fresado da estrada, reposición do firme e sinalización, mellora da drenaxe e instalar sistemas de contención de vehículos, coa fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Resultando.- Que recolle no seu informe a directora da obra, (enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra), que a estrada provincial discorre unindo os concellos de O Porriño con Gondomar. A existencia dunha canteira na que ó longo dos últimos meses se estivo traballando procedendo ó seu recheo e revexetación, fixo que o tráfico pesado aumentase de maneira desproporcionada nestes últimos meses producindo un gran deterioro do firme da estrada. Tamén recolle que a estrada discorre por montes con explotacións forestais que habitualmente talan arborado que é transportado camións, o que contribúe ó aumento dos vehículos pesados.

Resultando.- Que debido a esta circunstancia, a estrada presenta deformacións plásticas e rodeiras, que en zonas chegan a afectar á explanada. Por mor de este motivo é necesario modificar a solución da reparación do pavimento, substituíndo o fresado e reposición en zonas puntuais proxectado por unha actuación de reforzo do pavimento, que ademais do fresado e reposición considere a regularización e o reforzo de firme nos tramos máis danados.

Resultando.- Que con data 27/06/2022 emitiu informe o Xefe do Servizo de Contratación recollendo o seguinte: *"... A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dos contratos. Esta regulación está baseada no principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecue a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 LCSP. O director de obra recolle no seu informe que o valor da modificación non supón unha alteración na contía do contrato que exceda o 15% do prezo inicial do proxecto, xa que a valoración económica estimada do modificado non supón incremento do importe do proxecto inicial. O modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se exixiu no procedemento de licitación orixinal. O modificado non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial, sen existir a necesidade de introducir unidades de obra novas para executar as modificacións plantexadas. Non se aprecia polo exposto polo director de obra no seu informe, que se vaian a incluír unidades non contempladas no proxecto inicial. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñaría civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiamos nestas conclusións na competencia e afirmacións da directora de obra, non vendo inconvinte a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado.*



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2022 acordou autorizar a redacción da modificación do proxecto básico e de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)” así como suspender parcialmente a execución do citado contrato con efecto 08/04/2022. Descríbense no citado acordo as unidades de obra paralizadas.

Resultando.- Que con data 29/07/2022 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe no que solicita a aprobación do proxecto modificado nº1 de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”. Xunto co informe remite o proxecto modificado cun orzamento de 560.890,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): 1QG4U0Q0J0HMTO2C.

Resultando.- Que no citado informe se recolle que o valor da modificación non supón unha alteración na contía do contrato que exceda o 15 % do prezo inicial do proxecto, IVE excluído, xa que a valoración económica estimada do modificado ascende a unha cantidade unha vez aplicada a baixa ofertada polo adxudicatario de 510.130,26 €, o que representa un incremento con respecto ao proxecto inicial do 14,97 %.

Resultando.- Que no citado informe tamén se recolle que o proxecto modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se esixiu no procedemento de licitación, polo que a modificación proposta non introduce condicións, que de figurar no procedemento de contratación inicial houberan permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta a aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

Resultando.- Sinala que o proxecto modificado solicitado non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial, debido a que non se introducen unidades de obra novas.

Resultando.- Que consta no expediente a conformidade expresa do contratista respecto da modificación do proxecto proposta.

Resultando.- Que con data 18/08/2022 emitiu informe o Secretario accidental da Deputación recollendo o seguinte: “...Préstase conformidade á proposta de modificación do contrato da obra de “Mellora da seguridade viaria na EP 2403, Mosende-Morgadáns e na EP 2404, acceso a Chenlo Concellos de O Porriño e Gondomar)” nos termos plantexados polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais...”

Resultando.- Que con data 05/09/2022 emitiu informe a Intervención, no que se recolle o seguinte: “...Deberá constituírse a garantía complementaria correspondente. Segundo o informe de supervisión, a modificación do proxecto non implica a necesidade de solicitar ningunha autorización derivada da normativa sectorial aplicable. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP, e deberán publicarse de acordo co establecido nos art. 207 e 63 (art. 203.3 LCSP). CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións formuladas, infórmase favorablemente o expediente...”



Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato.

Considerando.- Que convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como “*leading case*” a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza, aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adxudicadores de cumprir cos documentos do contrato: “*O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores...*”

O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: “*todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretarlos da mesma forma e , por outra banda, a entidade adxudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata*”

Considerando.- Que o principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.- Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da “*modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable*” afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes.

En los contratos de obras deben concurrir razones técnicas imprevisibles en el proxecto orixinario y no simplemente defectos o meras imprevisiones en el proxecto (CEst Dict 50668/1987, 17-6-87; 79/1993, 1-4-93).

Considerando.- Que a Administración ten o ius variandi, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.



Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Só pode modificarse o contrato:

- a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos (LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.
- b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

Considerando.- Que en particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes.

Considerando.- Que do informe emitido pola directora de obra non se desprende que se queiran engadir prestacións complementarias ás existentes no proxecto.

Considerando.- Que coa prerrogativa de modificación non se pode crear un contrato novo distinto do contrato primitivo, senón simplemente introducir alteracións ou variacións no proxecto orixinario, pois noutro caso estaríanse a burlar os principios de publicidade e concorrência (CEst Dict 50641/1987, 12-11-87; 51698/1988, 25-2-88; 4350/1997, 6-11-97).

Considerando.- Que fóra dos devanditos casos en que a LCSP permite a modificación, ha de resolverse o contrato en vigor e celebrar outro con novas condicións, conforme prevén a LCSP art.203.2 e 211. g, e de acordo coa Dir 2014/24/UE art.73.a e Dir 23/2014/UE art.44.a

Considerando. O interese público na modificación. O carácter restritivo con que a lexislación de contratos contempla as modificacións de contratos adxudicados como excepción á regra pacta sunt servanda, soamente xustifícase por razóns de interese público (JCCA 23/2011, 28-10-11). O interese público ha de ser claro, patente e indubitado (CEst Dict 42179/1979, 17-5-79), e xustificado polo órgano de contratación no expediente tramitado a tal fin (CEst Dict 55586/1990, 10-1-91; 3062/1998, 10-9-98).



Considerando.- Que a facultade de modificación so pode exercitarse cando la aparición de novas necesidades materiais, non contempladas antes da perfección do contrato, o faga indispensable para o mellor servizo do interese público (CEst Dict 41914/1979, 24-5-79).

Considerando.- Que O interese publico perseguido é a na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia

Considerando.- Que a directora de obra sinala que as modificacións que se introducirán son as variacións estritamente necesarias e indispensables de medición de obra para responder á causa obxectiva que fai necesaria a súa redacción..

Considerando. Os casos que determinan que la modificación sexa sustancial. Unha modificación dun contrato considerárase sustancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio.

Unha modificación considerárase sustancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

- a. Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. Dáse o suposto previsto cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

Só as modificacións esenciais do contrato, que sexan capaces, no caso concreto, de falsear a competencia no mercado de que se trate e de dar preferencia aos contratistas do adxudicador público fronte a outros posibles prestadores de servizos xustifican a realización dun novo procedemento de adxudicación.

Hai que presumir a existencia dunha modificación esencial sempre que non caiba excluír que as condicións orixinais, menos favorables, disuadisen a outros prestadores de servizos de participar na licitación por un contrato público, ou que, á vista das novas condicións contractuais poderían estar agora interesados na licitación, ou que coas novas condicións podería facerse co contrato un licitante que no seu día non o conseguiu (TJUE 19-6-08, C-454/06).

- b. Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. Prodúcese a alteración, de acordo co precepto, cando como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introdúzanse unidades de obra novas cuxo importe represente máis do 50% do orzamento inicial do contrato.



- c. Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. Amplíase de modo importante o ámbito do contrato cando:
- O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15% do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10%, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que para os contratos harmonizados e en función do tipo de contrato fíxanse na LCSP art.20 a 23.
 - As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación atópanse dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Considerando.- Que sinala a directora de obra que a cantidade estimada do modificado non vai a exceder do 15%, xa que a valoración económica estimada do modificado ascende a unha cantidade do 14,97% do prezo inicial proxectado, nin se require unha clasificación do contratista diferente á que esixiuse no procedemento de licitación inicial; Tamén afirma que o modificado non alterará o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista.

Considerando.- Que cabe engadir que resulta necesario recabar do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia ó contratista e redactor do proxecto, polo prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así coma dos gastos complementarios precisos.

Non obstante, poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 % do prezo primitivo do contrato.

Para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: "...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente..."



Artigo 158: “...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación...”

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.

Artigo 162.2: “Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...”

Artigo 141.2: “...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

Artigo 234.3: “...Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días...”

Considerando.- Que para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: “...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente...”

Artigo 158: “...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación...”

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.



Artigo 162.2: “Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...”

Artigo 141.2: “...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

Artigo 234.3: “...Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”, por importe de 560.890,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 1QG4U0Q0J0HMT02C.
2. Modificar o contrato de obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)” establecendo o seu importe unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, na contía de 510.460,26 € IVE incluído.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.. deberá constituír na Tesourería da Deputación garantía complementaria por importe de 2.744,42 €, no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo, quedando condicionada a formalización do contrato, a que se constituía a citada garantía.

Debido á suspensión parcial das obras motivada pola necesidade de redacción do proxecto modificado, o prazo de execución das unidades suspendidas non varía, sendo polo tanto o prazo de execución do proxecto modificado de CATRO (4) MESES, que contarán a partires da data de formalización do contrato modificado, considerando dende esa data reiniciada a execución das obras.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación deste acordo.



7.32101.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9401 TRAVESÍA MEIS-SAN SALVADOR-ENLACE AUTOVÍA (AG-41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (CONCELLO DE MEIS)”. (Expte. 2022029524)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-9401 Travesía de Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41) que transcorre polo Concello de Meis e que ten unha lonxitude de 320 metros.

Resultando.- Que na actualidade, a devandita estrada presenta problemas de seguridade viaria debido á falta de sendas e beiravías para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, carecendo ademais en gran parte do percorrido de sobranceiros e espazos para o tránsito peonil que prexudican as condicións de mobilidade dos peóns. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa.

Resultando.- Que por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”.

Resultando.- Que con data 9 de maio de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis, convenio de colaboración par a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”, por importe de 242.454,16 €.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Meis mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	193.963,33 €	80
Concello de Meis	48.490,83 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	242.454,16 €	100



Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*” cun orzamento base de licitación de 242.454,16 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 242.454,16 €, con número de operación 202200069048 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15/07/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*” redactado polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, cun orzamento base de licitación de 242.454,16 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 26/07/2022 emitíu informe o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”



Resultando.- Que con data 06/09/2022 emitiu informe preceptivo a Intervención no que se recolle o seguinte: “...Respecto das autorizacións sectoriais cabe sinalar que deben terse en conta os prazos recollidos nas mesmas e, no seu caso, solicitar a súa prórroga en tempo e forma. Na cláusula quinta do convenio asinado (Obrigas do Concello) recóllese que o Concello de Meis obrígase a obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que foran precisas. Dado que, con anterioridade ao inicio das obras, deberá presentarse ante a Consellería un proxecto arqueolóxico (non podendo dar comezo as mesmas ata que a actuación arqueolóxica sexa autorizada), dito control achegarase coa acta de comprobación do replanteo e/ou coa primeira certificación, debendo recollerse por escrito, polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias, o cumprimento do mesmo. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente e condicionado ao cumprimento do disposto no apartado das observacións sobre o control arqueolóxico.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)”* cun orzamento base de licitación de 242.454,16 €, IVE incluído., de acordo co seguinte detalle:

Importe	200.375,34 €
IVE (21%)	42.078,82 €
Importe Total	242.454,16 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 57AQDA5541P8YTRJ, e de prescricións técnicas con código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 242.454,16 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 30 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



8.32102.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “MELLORADA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550 (O GROVE)”. (Expte. 2022039816)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, que transcorre polo Concello do Grove e que ten unha lonxitude de 7.459 m. Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 2+550 da E.P. 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente é necesario realizar unha reestruturación para a creación dunha senda peonil na marxe esquerda da estrada, co fin de permitir aos peóns unha mobilidade segura entre o centro urbano do Grove e a zona de acceso a diferentes praias. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550. Concello do Grove*”.

Resultando.- Que con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

Resultando.- Que na súa consecuencia con data 9 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Grove, convenio de colaboración par a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*”, por importe de 551.783,74 €.



Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de O Grove mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	<u>ACHEGA</u>	<u>%</u>
Deputación de Pontevedra.....	441.426,99 €.....	80
Concello de O Grove.....	110.356,75 €.....	20
TOTAL INVESTIMENTO.....	551.783,74 €.....	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*” cun orzamento base de licitación de 551.783,74 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) WORT0VQKG04QVT29.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto, emitido polos enxeñeiros do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola e D. Francisco Rosendo Alonso Fernández.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 551.783,74 €, con número de operación 202200092045, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/07/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*”, redactado polo enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., que ten un orzamento base de licitación de 551.783,74 €, IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) WORT0VQKG04QVT29.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 01/08/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que con data 05/09/2022 emitiu o preceptivo informe a Intervención, recollendo o seguinte: ... *Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.*”



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)*” cun orzamento base de licitación de 551.783,74 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe	456.019,62 €
IVE (21%)	95.764,12 €
Importe Total	551.783,74 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): RDQ0WBJU611YMXO3, e de prescricións técnicas con código (CSV) WORT0VQKG04QVT29, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 551.783,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 30 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



9.32103.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022043519)

A Deputación de Pontevedra precisa material de oficina non inventariable (*papel, archivadores, grapas, bolígrafos, carpetas...*) para o correcto desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento das súas funcións en exercicio das súas competencias propias establecidas no art. 36 da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local así como ao disposto no art. 3.1. da Lei 4/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que determina entre os principios xerais que rexen a súa actuación, os servizos efectivos aos cidadáns e o de economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

Os artigos de material de oficina que compoñen o presente expte son elementos e uso cotiá e indispensable que son precisos en tódolos centros xestores da Deputación e a determinación das necesidades previstas realizouse tendo en conta os consumos realizados no último ano.

Á vista do anteriormente exposto e considerando que a institución provincial non dispón de medios humanos nin técnicos propios para poder fabricar os elementos obxecto do contrato, faise precisa a contratación da subministración de material de oficina non inventariable a través dunha empresa externa ao obxecto de dotar aos diferentes centros e servizos do material precisos para o desenvolvemento da actividade administrativa.

Considerando o anteriormente exposto, con data 20 de xullo de 2022 o Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, co visto e praxe do deputado delegado de economía, Facenda e Réxime Interior, propón a incoación do expediente de contratación para a “*Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*”, indicando que as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos efectuados por parte dos centros e servizos, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adjudicataria de cada Lote. A efectos informativos, indícase un orzamento máximo anual de 56.767,15€ (46.915,00€, máis a cantidade de 9.852,15 €, correspondente ao 21% IVE).

O contrato proposto divídese en 2 lotes por razón da tipoloxía dos produtos obxecto de subministración que os integran constituíndo cada un deles unha unidade funcional susceptible de realización independente, permitindo unha maior concorrancia e facilitando o acceso á contratación das pequenas e medianas empresas en consonancia co previsto no artigo 1.3. da LCSP

Na memoria xustificativa do contrato, de data 27 de xullo de 2022, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de subministracións suxeito a regulación harmonizada, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e se indica que, tal como prevé o artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación se elaborará un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.



Con data 26 de xullo de 2022, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/922.9200.22000 do vixente orzamento provincial, quedando retido o importe de 5.495,31€ para o Lote 1, mediante o documento de retención de crédito núm. 202200146392; 549,53€ para o 10% previsto para incrementos do Lote 1 mediante o documento de retención de crédito núm. 202200146393; 3.965,88€ para o Lote 2, mediante o documento de retención de crédito núm. 202200146394 e 396,59€ para o 10% previsto para incrementos de Lote 2 mediante o documento de retención de crédito núm.202200146396. Asemade, emite documento RCFUT1, co número de operación 202200146401, por importe de 27.476,54€, para o Lote 1 do exercicio seguinte; RCFUT1, co número de operación 202200146407, por importe de 2.747,65€ para o 10% previsto para incrementos do Lote 1 no exercicio seguinte; RCFUT1, co número de operación 202200146529 , por importe de 19.829,42€ para o Lote 2 do exercicio seguinte e RCFUT1, co número de operación 202200146541, por importe de 1.982,94€ para o 10% previsto para incrementos do Lote 2 no exercicio seguinte.

O expediente foi remitido á Secretaría Xeral con data 27 de xullo de 2022, desde onde se emitiu informe xurídico con data 01 de agosto de 2022.

Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 12 de setembro de 2022, informa favorablemente o expte.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2022043519).

O orzamento base de licitación para os 2 Lotes (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 56.767,15€ que se adecúa aos prezos do mercado e desagrega conforme ao seguinte detalle:

	Orzamento anual	IVE	Orzamento anual (IVE incluído)
Lote 1	27.249,46 €	5.722,39 €	32.971,85 €
Lote 2	19.665,54 €	4.129,76 €	23.795,30 €
TOTAL	46.915,00 €	9.852,15 €	56.767,15 €



A adxudicación de cada un dos Lotes do presente contrato farase en base aos prezos unitarios dos produtos relacionados no *Anexo I. Relación de produtos obxecto de subministración* do PPT que se axustarán, no seu caso, ás porcentaxes de baixa ofertadas polas empresas adxudicatarias de cada Lote.

O prazo de duración do contrato será de 1 ano a contar desde a data que figure no documento de formalización de cada un dos lotes do mesmo, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de tres anos.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: XO4NO6714MFHWFBO) e de prescricións técnicas (CSV:71VKCX6L3KB07GK1) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.

3.- Autorizar o gasto polos seguintes importes máximos con cargo á aplicación orzamentaria 22/922.9200.22000 do vixente Orzamento Provincial:

Lote	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Orzamento anual (IVE incluído)	10% incrementos (IVE incluído)	Total aplicación
1	2022	922.9200.220.00	5.495,31 €	549,53 €	6.044,84 €
2			3.965,88 €	396,59 €	4.362,47 €
1	2023		27.476,54 €	2.747,65 €	30.224,19 €
2	19.829,42 €		1.982,94 €	21.812,36 €	

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente contrato na anualidade 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos efectuados por parte dos centros e servizos.

3.- Designar como responsables do contrato ao Xefe do Servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



10.32104.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”. (Expte. 2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuación atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022.

Resultando.- Que con data 6 de setembro de 2022 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra (nº de rexistro web2022045836), escrito da empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P. solicitando unha ampliación do prazo na execución da obra por un período de CINCO (5) MESES, motivado pola necesidade de comprobación e revisión da estrutura, polos problemas de abastecemento de materias primas e compoñentes electrónicos de construción, así como polos retrasos sufridos na loxística de distribución de materiais a nivel mundial. Ademais, a conxuntura actual provocou que algunha das licitacións levadas a cabo por dita empresa quedasen desertas demorando a subministración de material.

Resultando.- Que con data 9/09/2022 emitiu informe a dirección da obra recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa e que as características técnicas das obras non se verán afectadas por esta ampliación, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución da obra ata o 28 de febreiro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario Xeral e do Interventor informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.



Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, de 15 de febreiro.

Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adxudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de CINCO (5) MESES na execución do proxecto de traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de febreiro de 2023.



11.32105.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA CERTIFICACIÓN Nº 46 E 47 DO “SERVIÇO DE CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. LOTE 3. ZONA SUR” (Expte. 2017040163/L3)

O Pleno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2018, adxudicou o “*Servizo de conservación da rede viaria da deputación de Pontevedra. Lote 3. Zona Sur (concellos: Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal, A Guarda, Pontearreas, Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Covelo, Arbo e Crecente)*” á empresa Misturas, Obras e Proxectos, SA (A32118705) por importe total, IVE engadido, de 3.557,476,23 € e cun prazo de execución de 4 anos.

Aproximándose a data de fin de prazo de execución, o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2022, aprobou a primeira prórroga deste contrato descrito no parágrafo anterior ata o 6 de xuño de 2023 por importe total IVE incluído de 889.369,06 €, distribuíndose do seguinte xeito:

ANO	LOTE 3
2022	503.086,74 €
2023	386.282,31 €
TOTAL	889.369,06 €

Constan no expediente, para o periodo de xuño e xullo de execución do contrato, as certificación n° 46 (CSV: ZQ9GUW4LPLUXM5YF) e n° 47 (CSV: YHVI1FGOM8GYG7HJ) por importes de 165.173,83 euros e 130.041,92 euros, coas correspondentes facturas (n° exp. 2022047358 de data 12/07/2022 e 2022053347 de data 10/08/2022).

Vistos os informes emitidos por Intervención, de data 5 de setembro relativos ás certificacións número 46 e número 47 do “*Servizo de conservación da rede viaria da deputación de Pontevedra. Lote 3*”, nos que recollen observacións:

- Certificación número 46.- “*Coa presente certificación excédese do importe do orzamento de adxudicación (3.557.476,23 €) en 3.514,65 €, dito importe será aboado con cargo a prórroga do contrato (aprobada polo Pleno o 27 de maio de 2022) para o ano 2022 (AD_202200168116)*”.
- Certificación número 47.- “*Coa presente certificación excédese do importe do orzamento de adxudicación (3.557.476,23 €) en 133.556,57 €. O importe da mesma será aboado con cargo a prórroga do contrato (aprobada polo Pleno o 27 de maio de 2022) para o ano 2022 (AD_202200168116)*”.



“Vistas as observacións sinaladas, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”.

Con data 09 de setembro, o servizo de Infraestruturas traslada ao servizo de Contratación proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno das certificacións 46 e 47 segundo as indicacións do informe de Intervención por excederse do importe adxudicado inicialmente para este servizo.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2022 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumpran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ao recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Ilma Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2021, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito e declarar de aboamento as certificacións número 46 e número 47 do “*Servizo de conservación da rede viaria da deputación de Pontevedra. Lote 3. Zona Sur (concellos: Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal, A Guarda, Pontearreas, Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Covelo, Arbo e Crecente)*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

Empresa	Aplicación orzamentaria	Cert. núm.	Importe
MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, SA (A32118705)	22/456-4530-210.00	46	165.173,83 €
		47	130.041,92 €
SUBTOTAL			295.215,75 €
Taxa dirección de obra (0% PEM adx.)			0,00 €
Control de calidade (0% PEM licit.)			0,00
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR			295.215,75 €



12.32106.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS NA EP2802 ACCESO A CALVOS, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+300 (FORNELOS DE MONTES)”, E A APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 (Expte.2021060893)

Resultando.- Que Resolución Presidencial nº 2022003209 de data 28/04/2022 adjudicouse a obra “Reparación de beirarrúas na EP2802 Acceso a Calvos, dende o PQ 0+000 ao PQ 0+300 (Fornelos de Montes)”, á empresa MONTAJES JM IGLESIAS, S.L. (B36130649) por un importe total de 67.463,66 € e un prazo de execución de TRES (3) MESES. O contrato foi formalizado o 06/05/2022.

Resultando.- Que con data 06/06/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa por mor de non estar aprobado o Plan de Seguridade e Saúde da obra.

Resultando.- Que con data 08/07/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo positiva, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra 06/10/2022.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº1, emitiu informe a Intervención na data 30/08/2022, recollendo o seguinte:

“...Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa, non conta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comenzando as obras 1 mes despois da acta de comprobación de trazado negativa.”

CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.”

Considerando.- o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos



contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...”

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión do inicio da execución da obra “Reparación de beirarrúas na E.P. 2802 Acceso a Calvos dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+300 (Fornelos de Montes)”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director de obra na data 06/06/2022.
2. Validar o inicio da execución da obra “Reparación de beirarrúas na E.P. 2802 Acceso a Calvos dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+300 (Fornelos de Montes)”, recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 08/07/2022.
3. Establecer como data para finalizar a obra o día 06/10/2022.
4. Aprobar a certificación nº 1 da citada obra (CSV: JA1UBIIR7JRKLZAP), autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
MONTAJES JM IGLESIAS, SL (NIF B36130649)	22/456-4530-612.01.2021	44.307,34€
SUBTOTAL		44.307,34€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	1.230,84 €
Control de calidade (3% PEM Licit)		1.019,25 €
Total descontos	Id.	2.250,09 €
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		42.057,25 €



13.32107.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVAS O ASESORAMENTO, ORGANIZACIÓN E DETERMINADOS TRABALLOS PARA QUE O ORAL DESENVOLVA FUNCIÓNS DE XESTIÓN CATASTRAL «LOTE 1»” (Expte.2017001347) (Devogaran2021064892).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral*” (Expte. 2017001347).

Para responder da realización do “*lote 1*” establecido neste contrato, a empresa CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN, S.L. (CIF.- B-27159730), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 12.390,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201700155069 de data 26/09/2017.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo O.R.A.L. no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao ter esta empresa “cumprido totalmente o contrato” conforme as cláusulas administrativas que rexen o Acordo Marco.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral «Lote 1»*” (Expte. 2017001347), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *ABANCA*, por importe de 12.390,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 26/09/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700155069.

14.32108.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, *EIBISA NORTE, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVAS O ASESORAMENTO, ORGANIZACIÓN E DETERMINADOS TRABALLOS PARA QUE O ORAL DESENVOLVA FUNCIÓNS DE XESTIÓN CATASTRAL «LOTE 2»” (Expte. 2017001347). (Devogaran. 2021064892)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral*” (Expte. 2017001347).

Para responder da realización do “*lote 2*” establecido neste contrato, a empresa *EIBISA NORTE, S.L.* (CIF.- B-15419906), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 12.390,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201700153999 de data 21/09/2017.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo O.R.A.L. no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao ter esta empresa “*cumprido totalmente o contrato*” conforme as cláusulas administrativas que rexen o Acordo Marco.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *EIBISA NORTE, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral «Lote 2»*” (Expte. 2017001347), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *BBVA*, por importe de 12.390,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/09/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700153999.

15.32109.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “*SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVAS O ASESORAMENTO, ORGANIZACIÓN E DETERMINADOS TRABALLOS PARA QUE O ORAL DESENVOLVA FUNCIÓNS DE XESTIÓN CATASTRAL «LOTE 3»*” (Expte. 2017001347). (Devogaran2021064892).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral*” (Expte. 2017001347).

Para responder da realización do “*lote 3*” establecido neste contrato, a empresa *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.* (CIF.- B-96067400), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 12.390,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201700157346 de data 28/09/2017.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo O.R.A.L. no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao ter esta empresa “cumprido totalmente o contrato” conforme as cláusulas administrativas que rexen o Acordo Marco.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral «Lote 3»*” (Expte. 2017001347), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de CRÉDITO Y CAUCIÓN, por importe de 12.390,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/09/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700157346.

16.32110.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSITUÍDA POLA EMPRESA, LAGARES OCA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVAS O ASESORAMENTO, ORGANIZACIÓN E DETERMINADOS TRABALLOS PARA QUE O ORAL DESENVOLVA FUNCIÓNS DE XESTIÓN CATASTRAL «LOTE 4»” (Expte. 2017001347). (Devogaran 2021064892)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adjudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral*” (Expte. 2017001347).

Para responder da realización do “*lote 4*” establecido neste contrato, a empresa LAGARES OCA, S.L. (CIF.- B-36813715), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 12.390,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201700154244 de data 22/09/2017.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo O.R.A.L. no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao ter esta empresa “cumprido totalmente o contrato” conforme as cláusulas administrativas que rexen o Acordo Marco.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa LAGARES OCA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo ORAL se desenvolvan funcións públicas de xestión catastral «Lote 4»*” (Expte. 2017001347), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de CAIXABANK, por importe de 12.390,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesoureira Provincial o 22/09/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700154244.

17.32111.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN, TRANSPORTE E INSTALACIÓN DE 400 UNIDADES MODULARES DE CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte.2017047344). (Devogaran 2022056976)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 19 de novembro de 2021 (CSV.- WSS1ILUJK9F6GT2S), aprobouse a ampliación do contrato relativo a “Subministración, transporte e instalación de centros de compostaxe comunitarios na Provincia de Pontevedra” (Expte. 2017047344).



Para responder da realización deste servizo, a empresa VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L. (CIF.- B-71066153), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 8.740,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201800051210 de data 03/04/2018.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Asistencia Intermunicipal no cal se informa favorablemente á devolución da fianza á empresa VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L., toda vez que se verificou a completa subministración do material e cumpriuse satisfactoriamente o obxecto do contrato, sen que resulten responsabilidades esixibles fronte a dita empresa.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración, transporte e instalación de centros de compostaxe comunitarios na Provincia de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2017047344), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *CAJA RURAL DE NAVARRA*, por importe de 8.740,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/04/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800051210.



18.32112.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022058165, que contén 1 factura e por un importe de 1.197,90 € e con CSV: 1PY3KQMFCII1QK7S, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 08/09/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.197,90 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.197,90€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

19.32113.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022058163, que contén 1 factura e por un importe de 237,16 €, con CSV: XLLRBCJW5TIWJCXV, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 08/09/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	237,16€
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	237,16€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.




20.32114.-- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE REDONDELA (Expte. 2021043345)

Dada conta que con data 31/08/2021 (núm. rex. 2021019920), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a.Concepción López Couñago, por lesións e danos materiais producidos por mor dunha caída, o día 13/06/2020, a consecuencia, segundo manifesta, dunha louseta afundida na beirarrúa da rúa Eidos nº 11, no Concello de Redondela, e que foi cuantificada economicamente de forma provisional en 18.242,64 €, á espera da alta médica definitiva.

Resultando.- Que con data 08/09/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 17/11/2021, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O lugar nº 11 da rúa Eidos no Concello de Redondela está situada dentro do trazado da estrada EP 2900 REDONDELA VENTOSELA que pertence á rede provincial de estradas.





SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación. Desde o 1 de xaneiro de 2.019 ata a data de boxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial.

Parte de Vias e Obras

Ano: 2019 Parte: 52 Registrado

Datos Rexistro

Data: 19/01/2019 14:58 Pereira

Comarca: 112 - SOS GALICIA

Localidade: Valde de auga na estrada

Concello: REDONDELA Estrada: 2900 - Redondela - Ventosela

Ubicación: N.M. 0 0

Brigada: Javier Zona Sur

Seguimento

Comunicado	Data	Localidade	Horas Normal	Horas Extra	Minutos
Comunicado	19/01/2019	Pereira	1	0	30
Finalizado	19/01/2019	Pereira	0	0	0

Notas: Ha cierre junto al N103
 Peón: Jaspe Rodríguez Garrido.
 Peón: Andrés Vidal Puja.

Categoría Apellido1 Apellido2 Nome Placilla
 Capataz Costas Rodríguez Urbano Javier 01712

Parte de Vias e Obras

Ano: 2021 Parte: 338 Finalizado

Datos Rexistro

Data: 17/06/2021 09:05 Juan

Comarca: 112 - SOS GALICIA

Localidade: Plancha metálica que cubre un socción movida.

Concello: REDONDELA Estrada: 2900 - Redondela - Ventosela

Ubicación: N.M. 0 1

Brigada: Baccalca Zona Sur

Seguimento

Comunicado	Data	Localidade	Horas Normal	Horas Extra	Minutos
Comunicado	17/06/2021	Juan	0	0	0
Finalizado	17/06/2021	Juan	0	0	0

Notas: Comunicame o capataz que xa está o corrente da incidencia, e que está a espera dun canión para retirala.




TERCEIRO.- Descoñécese a causa do deterioro na beirarrúa. Aparentemente non existe incidencia algunha no punto onde se sinala a caída (achégase foto do informe do vixiante).



CUARTO.- Por todo o anteriormente exposto, conclúese que non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial na data sinalada, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.



QUINTO.- Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas así como das redes de servizos (como é o caso da arqueta de rexistro existente) en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa) , vén determinada polas competencias que o Municipio ten en prantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.



Segundo o recollido na ORDENANZA DE SEGURIDADE VIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: “A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación.”

Terán a consideración de elementos de urbanización a iluminación, beirarrúas, saneamento, papeleiras, colectores de lixo, etc., e rexeranse polas normas específicas de urbanización”.

A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas e servizos neste tramo correspondería por tanto ao Concello.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais

Resultando.- Que con data 24/11/2021, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Redondela para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito de alegación na data 15/12/2021 co seguinte contido:

“Tras unha chamada telefónica realizada polo servizo de Patrimonio deste Concello á Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra para solicitar información sobre o precepto legal no que o Servizo de Infraestruturas fundamenta que “a conservación e mantemento de beirarrúas en solo catalogado como urbano vén de terminada polas competencias que o municipio ten en planeamento, xestión e execución e disciplina urbanística “remitíuselle á Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 98 con data 23/05/2013 e ao seu artigo 5.5 cuxo tenor literal é o seguinte:



“5.- A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.

A tal efecto é preciso indicar que non existe ningún convenio suscrito entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Redondela no que se lle otorgue a esta a competencia de mantemento das beirarrúas executadas sobre viais de titularidade da Deputación, como é o caso que nos ocupa.

Así mesmo, tampouco consta a existencia de cesión da titularidade da beirarrúa da rúa Eidos a favor do Concello de Redondela por parte da Deputación de Pontevedra.

Por todo o exposto, considérase que esta Concello carece de competencia para facerse responsable da reclamación interposta por D^a. Concepción López Couñago”.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022001504, de data 25/02/2022, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación por corresponder naquel intre procedimental a apertura do período probatorio, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022001460, de data 24/02/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal o interesado podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo cuantificar, como acto de instrución realizado de oficio, os danos reclamados, aportando o informe de alta médica, de terse producido a mesma, así como o informe médico-pericial determinante das secuelas, de ser o caso.

Resultando.- Que na data 30/03/2022 presenta escrito no que cuantifica provisionalmente, por non ter sido dada de alta médica, o importe reclamado en 18.242,64 €.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022002503, de data 04/04/2022, púxose fin ó período probatorio polo transcurso do prazo establecido para o mesmo na data 30/03/2022.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes, na cumprimentación de alegacións e/ou comparecencias ós emprazamentos e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo. Así, do expediente se desprende o seguinte:

- Dende o 1 de xaneiro de 2019 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial.
- Aparentemente non existe incidencia algunha no punto onde se sinala a caída; así, na fotografía do informe do vixiante da estrada sinalase que cando tropezou a solicitante non había desperfectos nas plaquetas da beirarrúa nin na tapa da arqueta.
- Non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial na data sinalada, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.
- A conservación e mantemento de beirarrúas, así como das redes de servizos (como é o caso da arqueta de rexistro existente) en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa), vén determinada polas competencias que o Municipio ten en planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Segundo o recollido na Ordenanza de seguridade viaria da Deputación Provincial de Pontevedra, a responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación.
- Terán a consideración de elementos de urbanización a iluminación, beirarrúas, saneamento, papeleiras, colectores de lixo, etc., e rexeranse polas normas específicas de urbanización.
- A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas e servizos neste tramo correspondería por tanto ao Concello.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante non se aprecia o desperfecto.
- Non se produciron mais caídas pola mesma causa.



Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma, de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte:

“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.

Polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello.

Considerando.- Que o Concello de Redondela non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa.

Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada que ata esa data non sufriu ningún incidente, a pesares de atoparse o suposto desperfecto na saída da súa vivenda, así como na falta de entidade do desperfecto, xa que ningún outro veciño tropezou nel.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”, no entendemento de que neles sí existía o desperfecto, o que non se corresponde co suposto neste acordo tratado:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.



- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que Mª. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de



la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

21.32115.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE VIGO (Expte. 2021004784)

Dada conta que con data de rexistro 01/02/2021 (núm. rex. 2021002401), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. M^a. Jesús Magaz Conde por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 30/12/2020, producida a consecuencia, segundo manifesta, do mal estado da beirarrúa á altura do nº 249 da estrada provincial E.P. 2001 Calvario- A Garrida, no Concello de Vigo, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que con data 19/02/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 18/03/2021, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na E.P. 2001, na marxe esquerda do p.q. 3+600. Dito punto quilométrico pertence á Rede de Estradas da Deputación provincial de Pontevedra.



SEGUNDO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nesa zona pola mesma causa.

TERCEIRO.- Segundo a explicación da reclamante, a caída tivo lugar cando transitaba pola beirarrúa, ao tropezar nunha focha existente no acceso rodado á estrada dende a vivenda sita no número 249 da estrada de Bembrive.

A estrada nesta punto discorre por solo urbano, segundo figura no Planeamento vixente do termo municipal de Vigo.

De modo xeral, en solo urbano a competencia en conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

Por conseguinte, nos casos relativos a solo urbano, como é o caso indicado na queixa remitida, a competencia de conservación en mantemento das beirarrúas corresponde ó Concello.

Por outro lado, atendendo á localización exacta do accidente aportada pola reclamante, esta sitúase no afundimento localizado entre as tapas de rexistro que coinciden no acceso rodado á parcela lindeira.

A autorización dos accesos ás estradas e o establecemento con carácter obrigatorio dos lugares e das condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente é competencia da Administración titular da rede (neste caso á Deputación Provincial), pero segundo establece o artigo 129.3 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia “A conservación e mantemento do acceso, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, corresponderalle á persoa titular da autorización”.

CUARTO.- Non había sinalización advertindo do perigo.

*Fdo.- María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

*Fdo.- Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021004448, de data 28/07/2021, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación por atoparse o procedemento naquel intre pendente de emisión de informe complementario por parte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.



Resultando.- Que con data 27/07/2021 solicitouse o referido informe complementario acerca do nome e dirección postal da persoa titular da autorización do acceso rodado á parcela, remitindo o mesmo na data 12/08/2021, co seguinte contido:

O sinistro localízase na E.P. 2001, na marxe esquerda do p.q. 3+600, nunha focha existente no acceso rodado á estrada da vivenda sita no número 249 da estrada de Bembrive.

A parcela ten a seguinte referencia catastral 6027842NG2762N. Apórtase ficha catastral dos datos da parcela e a súa titularidade.

Resultando.- Que con data 15/10/2021, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó titular da autorización de acceso rodado á parcela un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito na data 09/11/2021, co seguinte contido:

PRIMERA.- En primer término, indicar que de lo obrante en el expediente no se aprecia que la reclamante haya probado la causa eficiente de su caída, apoyando su pretensión en sus meras manifestaciones. Es por ello que, salvo que se aporte prueba eficaz en derecho que acredite las circunstancias del siniestro, no puede darse por acreditada la concurrencia de los elementos necesarios para determinar la existencia de responsabilidad patrimonial ni de cualquier otra posible responsabilidad de terceros en los daños que se dicen sufridos en tal accidente.

SEGUNDA.- Sin perjuicio de lo expuesto, en modo alguno puede imputarse la responsabilidad al compareciente como propietario del inmueble nº 249 de la Estrada de Bembrive.

Tal y como se constata en la escritura de compraventa de la vivienda que se aporta como documento nº 1, el compareciente adquirió la vivienda a Promociones Val de Tielas S.L. el 4 de noviembre de 2008, constando específicamente que la parcela linda por su viento Sur con terreno objeto de cesión al Excmo. Ayuntamiento de Vigo para la ampliación del Vial. No consta en dicha escritura ningún condicionante u obligación sobre ese terreno cedido que sea objeto de transmisión al comprador.

Por consiguiente, habiéndose producido la caída en la acera y siendo el terreno donde ésta se ubica de titularidad municipal, habrá de ser dicha administración la que deba asumir, en su caso, la indemnización que proceda.

Por lo expuesto, solicita: que por recibido el presente escrito, se digne admitirlo, teniendo por cumplimentado el trámite conferido y, en su virtud, se acuerde desestimar la reclamación de responsabilidad patrimonial formulada por D^a. M^a. Jesús Magaz Conde.

Resultando.- Que con data 15/10/2021, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Vigo para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 28/10/2021 co seguinte contido:

Primeira.- No dito escrito ao igual que nos escritos da Deputación Provincial de Pontevedra, dirixidos a este Concello de Vigo que tiveron entrada neste como documentos núms. 180176365, 190009218 e 1900043659, en relación coas queixas presentadas polos veciños sobre o estado das beirarrúas das estradas provinciais E.P. 2003 Coruxo-Canido, E.P. 2001 O Calvario-A Garrida e E.P. 2001 Coutada-Beade, o Deputado provincial de Mobilidade declina a competencia da Deputación Provincial para a conservación e mantemento das beirarrúas de referencia, integrantes das indicadas estradas provinciais, por entender que



o mantemento dos servizos urbanos, en chan catalogado como urbano, corresponde ao Concello, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, habida conta –afirma– das competencias que o municipio ten en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística; competencias que determinan que a responsabilidade da conservación e mantemento das beirarrúas nestes tramos urbanos corresponda ao Concello.

Tales afirmacións, como de seguido se xustificará, non son axustadas a Dereito:

O art. 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, no seu parágrafo 2 que dispón que: “A administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle recoñece a presente lei”.

Dentro das facultades que á Administración titular da estrada lle atribúen, tanto a Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas do Estado, como a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, figura a explotación das mesmas.

O art. 33 da Lei de estradas de Galicia proporciona o concepto de explotación, así como das facultades, prerrogativas e obrigas que a explotación das estradas comprende, establecendo, no que agora interesa, que: “1. A explotación do dominio público viario comprende as operacións de conservación e mantemento, así como todas as accións encamiñadas á súa defensa, mellor uso e aproveitamento (...) 3. A defensa do dominio público viario comprende as accións dirixidas a protexelo e evitar as actividades que o prexudiquen ou menoscaben, así como a manter a funcionalidade e seguridade viaria da rede de estradas. 4. O mellor uso e aproveitamento do dominio público viario refírese ás actuacións encamiñadas a facilitar o seu emprego nas mellores condicións de seguridade e comodidade. Comprenderá, a estes efectos, as intervencións en materia de información e sinalización e a ordenación de accesos e usos das zonas de protección. 5. A administración titular da estrada é a única competente para a súa sinalización permanente. Considérase ilegal, a todos os efectos, toda sinalización establecida por calquera outra persoa ou entidade sen previa autorización daquela. 6. A administración titular da estrada poderá convir cos concellos nos que se sitúe unha travesía –e, daquela, tamén os tramos urbanos– o que estimen procedente en orde a mellorar a explotación e integración urbana daquela”.

E o parágrafo 7 do mesmo artigo especifica as obrigas que incumben aos concellos cando as vías a que a Lei se refire de allea pertenza, sinalando que “Corresponderá aos concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Doutra parte, o artigo 41 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas estatal dispón que: “La utilización de las carreteras en sus tramos urbanos y, de modo especial, en las travesías se ajustará además de a lo dispuesto en el capítulo III de esta Ley, al Código de la Circulación y a la correspondiente normativa local.



A vixente Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobada por Real Decreto Lexislativo nº 339/1990, de 2 de marzo, establece no seu artigo 49 –Peóns– que: “1. Los peatones están obligados a transitar por la zona peatonal, salvo cuando ésta no exista o no sea practicable, en cuyo caso podrán hacerlo por el arcén o, en su defecto, por la calzada, de acuerdo con las normas que reglamentariamente se determinen. 2. Fuera de poblado, en todas las vías objeto de esta Ley, y en tramos de poblado incluidos en el desarrollo de una carretera que no dispongan de espacio especialmente reservado para peatones, como norma general, la circulación de los mismos se hará por la izquierda”.

Do dito precepto, de aplicación xeral, despréndese que as estradas estatais, autonómicas, provinciais e municipais, poden dispoñer de beirarrúas ou non e que as beirarrúas forman parte da estrada. Así o establece tamén o artigo 6 da Lei de estradas de Galicia:

“1. Son elementos funcionais das estradas as zonas permanentemente afectas á súa conservación, á explotación do servizo público viario ou a outros fins auxiliares ou complementarios.

2. Terán a consideración de elementos funcionais:

- a) Aquelas infraestruturas complementarias constituídas por espazos e instalacións destinadas a ordenar, mellorar ou regularizar o sistema xeral de transportes e comunicacións, tales como centros operativos de conservación e explotación, zonas de estacionamento, paradas de autobuses, áreas de servizo, áreas de descanso, zonas de auxilio e atención médica de urxencia, estacións e centros de control, lugares de inspección e pesaxe de vehículos, estacións de aforo, aparcamentos disuasorios e calquera outro semellante.*
- b) Os espazos lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, respecto das que teñen un carácter secundario por servir ás propiedades e edificios lindeiros, tales como as vías e camiños de servizo, ou estar destinados á circulación de peóns e vehículos terrestres de tracción humana, como as beirarrúas, as sendas peonís e os carrís para a circulación de bicicletas”.*

O artigo 33.7 da Lei de Estradas de Galicia, arriba transcrito, establece que obrigas teñen os concellos respecto das vías de allea titularidade:

“Corresponderalles aos concellos a conservación e o mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

E o artigo 25.2 d) LRBRL dispón que:

“2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

- d) Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad”.*



Daquela, os concellos non están obrigados a manter as beirarrúas das estradas provinciais, porque as beirarrúas das estradas provinciais son elementos funcionais das estradas e as competencias propias en materia de infraestruturas viarias dos concellos limitáanse ás da súa titularidade.

Pola contra, si estarán os concellos obrigados ó mantemento e conservación dos elementos situados no dominio público provincial –sexa na calzada ou sexa nos seus elementos funcionais–, que non formen parte da estrada nin, no que aquí importa, das súas beirarrúas, sempre que tales elementos lles sirvan aos concellos para exercer as súas competencias propias, como son, por exemplo, os elementos e conducións do alumeadado público que se sitúan ou discorren polas beirarrúas e calzadas das estradas provinciais, ou os dos servizos de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación de augas residuais cando se sitúen ou discorran polas beirarrúas ou calzadas das estradas provinciais. E, cando se trate de servizos urbanos prestados por operadores privados –telefonía, gas, electricidade...–, serán os prestadores destes servizos os responsables do mantemento e conservación dos elementos dos que se valan para prestalos, cando estes estean situados na calzada ou na beirarrúa de titularidade provincial, que é a que presta a autorización para colocar tales elementos nas estradas da súa titularidade.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021006841, de data 18/11/2021, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, a cuantificación económica dos danos reclamados, aportando o informe de alta médica e, de ser o caso, o informe médico pericial determinante das secuelas coa valoración económica das mesmas.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº 2022000032, de data 07/01/2022, púxose fin ó período probatorio polo transcurso do prazo establecido para o mesmo na data 23/12/2021, sen que a interesada tivese proposto ningunha proba nin aportado a cuantificación económica e os informes solicitados.

Resultando.- Que con data 06/06/2022, o Director do Servizo de infraestruturas e Vías Provinciais emite informe co seguinte contido noutro expediente con identidade de razón:

1. *Efectivamente, non existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas deben ser mantidas polos concellos. Pero tampouco existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas en solo urbano deben ser mantidas polo titular da vía.*
2. *O artigo 6.2b) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG) establece que os espazos lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, “respecto das que teñen un carácter secundario”, tales como as beirarrúas, teñen a consideración de elemento funcional.*



3. *Pero en solo urbano, as beirarrúas xa non teñen un “carácter secundario” respecto das estradas. Se trata aquí de rúas polas que transitan máis peóns que vehículos e rúas nas que a as beirarrúas son o espazo público do núcleo de poboación. E esa perda de carácter secundario respecto da estrada, nun espazo público urbano no que os concellos exercen as súas competencias, motiva que sexan os concellos os que exerzan as súas competencias propias a través da conservación e mantemento das beirarrúas. Xa que os concellos, en solo urbano, independentemente doutros elementos urbanos colocados sobre as beirarrúas:*

- *Instalan as redes de saneamento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
- *Instalan as redes de abastecemento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
- *Instalan as redes de alumado baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
- *Requiren outros servizos urbanos baixo a beirarrúa para atender ós veciños do núcleo urbano tales como subministros eléctricos, de telecomunicacións ou de gas. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
- *Outorgan licencias de vado para paso de vehículos sobre as beirarrúas. Uso que menoscaba a conservación e mantemento da beirarrúa.*
- *Exercen as labores de policía e do exercicio sancionador respecto dos aparcamentos indebidos ou a instalación de contedores sobre as beirarrúas. Actividades que producen danos e menoscaban a conservación e mantemento das mesmas.*
- *Realizan a limpeza viaria da superficie da beirarrúa. Actividade que implica en si mesma unha conservación e mantemento das beirarrúas.*
- *Exercen as labores de policía e o exercicio sancionador respecto de situacións que impiden o correcto uso das beirarrúas debido, por exemplo, á invasión do dominio público por vexetación proveniente de predios lindeiros. E moitas veces o control da vexetación dos predios lindeiros é clave, ademais de para permitir o uso das beirarrúas, para a súa correcta conservación e mantemento.*

4. *Efectivamente o art. 33.7 da LEG establece que os concellos conservarán e manterán os elementos que non formen parte dos elementos funcionais das estradas e lles sirvan ós concellos para exercer as súas competencias. Pero a LEG non establece que todos os elementos funcionais das estradas, e máis concretamente as beirarrúas, deban ser conservados e mantidos polo titular da vía.*

- *Independentemente de se a beirarrúa en solo urbano pode considerarse elemento funcional dunha estrada ou non (dada a perda do seu carácter secundario) no art. 2.b) da LEG se determina que o dominio público viario inclúe non só os terreos ocupados polos elementos funcionais, senón tamén as construcións e instalacións existentes neles. É dicir, as canalizacións de saneamento, abastecemento, telefonía ou electricidade están incluídas no dominio público viario. E sendo dominio público, non está en dúbida que a súa conservación e mantemento non compete ó titular da vía.*



- O art. 9.2 da LEG establece que a Administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle reconece esta lei. E efectivamente dentro dese exercicio de facultades está a explotación das estradas. A cal, definida no art. 33 da LEG, comprende non só a conservación e mantemento do dominio público viario (lembrems o establecido no art. 2.b, sobre que estar incluído no dominio público non implica que a súa conservación e mantemento competa ó titular da vía), senón tamén realizar accións encamiñadas á súa defensa, mellor uso e aproveitamento. E isto último é o que realiza o titular da vía nas beirarrúas cós concellos. Por iso toda actuación do concello respecto das beirarrúas precisa dunha autorización administrativa do titular da vía na que se fixan uns condicionantes de actuación e de uso.

- 5. Non se está apoñer en dúbida que as beirarrúas formen parte das estradas cando están situadas no seu dominio público viario. E non se está a poñer en dúbida que o concello non teña competencias propias viarias nas estradas doutras administracións.
 - E o que non se pon en dúbida é que o concello é quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministros varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)

 - En calquera caso, o determinante é que en solo urbano os titulares dos predios colindantes teñen a obriga de realizar cesión urbanística ó concello (art. 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia). Se o vial non é de titularidade do concello, neste caso é o concello o responsable de entregar estes terreos de cesión debidamente urbanizados ó titular da vía. E cando o concello no exerce debidamente esta competencia, é cando o concello subscribe o correspondente convenio de colaboración coa administración titular da vía. Por este motivo, tense asinado numerosos convenios de colaboración có Concello de Vigo, ou entidades menores dependentes del, para urbanizar estradas en solo urbano:
 - “Urbanización e/ou ensanche da estrada provincial de Gran Vía a avenida de Madrid” (1997)
 - “2a fase da estrada de O Vao de C-550 a PO-324” (1997)
 - “Urbanización zona Pedra e Lameiro EP Calvario-A Garrida” (2003)
 - Dotación de servizos necesarios (beirarrúas, pluviais, iluminación, etc.) así como renovación da rodadura de determinadas estradas provinciais (2004):
 - “EP-2001 Calvario-Garrida, nos seus tramos M. Garrido-Antigua N-120 e E.Presas-Iglesia Beade”
 - “EP-2004 Beade-Carneiras”
 - “EP-2005 Meixoeiro-CUVI”



- *Dotación de servizos necesarios (beirarrúas, pluviais, iluminación, etc.) así como renovación da rodadura dos tramos Mosteiro-Mourelle e Colexio-Mosteiro da EP-2001 Calvario-Garrida (2004).*
 - *Se as beirarrúas en solo urbano non son de competencia municipal, non se entende que o Concello de Vigo aporte parte da financiación precisa e os terreos necesarios.*
6. *Por último indicar que na rede viaria da Deputación de Pontevedra, en solo urbano, as beirarrúas non están sendo conservadas nin mantidas polo ente provincial en ningún concello. E que a actuación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se basea, ademais do exposto anteriormente, no informe da Secretaría Xeral de 2 de agosto de 2017 que se reproduce a continuación:*

“En relación coa petición de informe do Director do Servizo de Mobilidade sobre a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, maniféstase o seguinte:

1. *Para analizar o réxime competencial no relativo á conservación das beirarrúas é necesario acudir á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece no seu art. 25 as competencias propias dos concellos, determinando no seu apartado 2.d) que corresponderá ós concellos todo o relativo a “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.*

Tendo en conta que este réxime supón que as competencias neste ámbito se distribúen en función da titularidade das estradas, será preciso acudir á Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. Nela identifícanse as beirarrúas dentro do dominio público viario como elementos funcionais das estradas (combinación dos art. 2.b) e 6), o cal determinará o seu réxime normativo.

2. *No caso que se nos consulta relativo ás estradas que transitan por núcleos urbanos, hai que ter en conta o disposto tanto no art. 7 (no que se definen os tramos urbanos como “tramo que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano o de núcleo rural”) e o art. 8 no que se describen as travesías urbanas (como “o tramo dunha estrada no que, discorrendo por solo urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación”).*
3. *Segundo o disposto no art. 33.7 da Lei 8/2013, como réxime xeral, corresponderá ós concellos “a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais”. Se ben, contéplase a posibilidade de modificación deste réxime por acordo entre o municipio e a administración titular da estrada. Sen embargo, sendo as beirarrúas un elemento funcional das estradas, o caso que se nos presenta trátase dunha excepción á regra xeral en tanto que, da consideración das travesías como solo urbano (definido no art. 16 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia), derívase a competencia dos municipios en materia de “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística” tal e como establece o seu art. 12.1.*



Este desprazamento de determinadas competencias en canto ó municipio polo que transcorre a travesía parece confirmarse atendendo ó réxime de autorizacións contido na Lei de Estradas de Galicia, que no caso de obras, instalacións ou actividades na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos dispón que serán outorgadas polo Concello (aínda que con informe vinculante da administración titular da estrada).

Neste mesmo sentido manifestouse o Tribunal de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003 ó establecer que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias” por exemplo, neste réxime de autorización. Esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento dos seus intereses.

4. *Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.*

Pontevedra, 2 de agosto de 2017

O Secretario

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na cumprimentación de alegacións, na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- A caída tivo lugar ás 10:54 horas, é dicir, a plena luz do día.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante obsérvase que o desperfecto era perfectamente visible, existindo mais espazo na beirarrúa para pasar, adoptando a reclamante unha actitude arriscada ó decidir transitar xusto por riba da zona deteriorada, polo que debeu presumir que isto suporía un perigo para a súa seguridade.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa zona.



- A estrada neste punto discorre por solo urbano, no que de modo xeral a competencia en conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Por iso, nos casos relativos a solo urbano, como é o presente caso, a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas corresponde ó Concello.
- A localización exacta do accidente sitúase no afundimento localizado entre as tapas de rexistro que coinciden no acceso rodado á parcela lindeira.
- A autorización dos accesos ás estradas e o establecemento con carácter obrigatorio dos lugares e das condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente é competencia da Administración titular da rede (neste caso á Deputación Provincial), pero segundo establece o artigo 129.3 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia *“A conservación e mantemento do acceso, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, corresponderalle á persoa titular da autorización”*.
- Emprazada como interesada a persoa titular da autorización, manifesta no seu escrito de alegacións que a parcela linda polo seu vento Sur con terreo obxecto de cesión ó Concello de Vigo para a ampliación do vial, polo que téndose producido a caída na beirarrúa e sendo o terreo na que esta se sitúa de titularidade municipal, tería que ser dita administración a que deba asumir a indemnización que proceda.
- Segundo o informado polo Director de Infraestruturas da Deputación na data 06/06/2022, independentemente de se a beirarrúa en solo urbano pode considerarse elemento funcional dunha estrada ou non (dada a perda do seu carácter secundario) no art. 2.b) da LEG se determina que o dominio público viario inclúe non só os terreos ocupados polos elementos funcionais, senón tamén as construcións e instalacións existentes neles. É dicir, as canalizacións de saneamento, abastecemento, telefonía ou electricidade están incluídas no dominio público viario. E sendo dominio público, non está en dúbida que a súa conservación e mantemento non compete ó titular da vía.
- É o concello quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministros varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)



- En calquera caso, o determinante é que en solo urbano os titulares dos predios colindantes teñen a obriga de realizar cesión urbanística ó concello (art. 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia). Se o vial non é de titularidade do concello, neste caso é o concello o responsable de entregar estes terreos de cesión debidamente urbanizados ó titular da vía. E cando o concello non exerce debidamente esta competencia, é cando o concello subscribe o correspondente convenio de colaboración coa administración titular da vía.
- Se as beirarrúas en solo urbano non son de competencia municipal, non se entende que o Concello de Vigo aporte parte da financiación precisa e os terreos necesarios.
- Indicar que na rede viaria da Deputación de Pontevedra, en solo urbano, as beirarrúas non están sendo conservadas nin mantidas polo ente provincial en ningún concello e que a actuación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se basea, ademais do exposto anteriormente, no informe da Secretaría Xeral de 2 de agosto de 2017.
- No citado informe sinálase que sendo as beirarrúas un elemento funcional das estradas, o caso que se nos presenta trátase dunha excepción á regra xeral en tanto que, da consideración das travesías como solo urbano (definido no art. 16 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia), derivase a competencia dos municipios en materia de “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística” tal e como establece o seu art. 12.1.
- Este desprazamento de determinadas competencias en canto ó municipio polo que transcorre a travesía parece confirmarse atendendo ó réxime de autorizacións contido na Lei de Estradas de Galicia, que no caso de obras, instalacións ou actividades na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos dispón que serán outorgadas polo Concello (aínda que con informe vinculante da administración titular da estrada).
- Neste mesmo sentido manifestouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003, ó establecer *que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias”*, por exemplo, neste réxime de autorización (esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento das súas obrigas e na satisfacción dos intereses xerais que lle están encomendados).
- Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.
- Non houbo mais caídas pola mesma causa.



Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma (nin recurso ningún especificamente polo Concello de Vigo), de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte:

“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.

Polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello.

Considerando.- Que o Concello de Vigo non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa.

Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, a pesares de atoparse o lugar a escasos metros do centro de saúde de Bembrive, segundo manifesta a reclamante na súa instancia, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.



- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que Mª Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.



Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumpřimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

22.32116.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA ASOC. CULTURAL SAN VICENTE MAÑUFE CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS. (Expte. 2022019853)

Visto o recurso de reposición presentado por Dona Paula Dolores Fernández Fraga con NIF: 76.994.659-C, en representación da Asoc Cultural San Vicente Mañufe con NIF: G-36.979.854, fronte ao acordo da Xunta de Goberno núm.3.31932, de 8 de xullo de 2022, á desestimación da súa solicitude de subvención presentada para o “II Festival musical "San Antonio 2022"”, pola presente e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, emítese o seguinte:

Visto o informe emitido ao respecto polo Servizo de Cultura, como centro xestor responsable da instrución do procedemento, de data 07 de setembro de 2022, co seguinte teor literal:

“...ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No BOPPO núm. 41, de 1 de marzo de 2022, publícanse as *bases e o extracto das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022*, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2022.



Segundo. Dita convocatoria establece na súa base 1ª o seguinte:

“Obxecto:

Estas bases teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022 no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra da comunidade autónoma cando teñan relevancia para os intereses provinciais.”

Terceiro. A Asoc Cultural San Vicente Mañufe presentou a súa solicitude o 30 de marzo de 2022, número de rexistro WEB2022017811, para levar a cabo o *“II Festival musical "San Antonio 2022"”* con cargo á mencionada convocatoria.

Cuarto. A solicitude de subvención da Asoc Cultural San Vicente Mañufe acompañábase da documentación que se require nas bases. No orzamento figuraba o concepto *“doces típicos da comarca”* e tal como se indica na base 5ª: *“Queda excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención os seguintes conceptos: ...os gastos gastronómicos, agás naqueles casos de intercambios culturais fóra da comunidade autónoma...”* polo que con data 25/05/2022 enviáselles un requirimento para que emenden este punto, cuxa notificación foi aberta pola entidade o día 31/05/2022. Nesta notificación e en virtude do artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en relación co artigo 23.5 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, concedíase un prazo improrrogable de dez días para facer a emenda, non recibindo no Servizo de Cultura ningunha contestación por parte da entidade solicitante ao requirimento realizado no prazo establecido.

Quinto. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o 8 de xullo de 2022, acorda desestimar a solicitude de subvención da Asoc Cultural San Vicente Mañufe para o *“II Festival musical "San Antonio 2022"”*, polo seguinte motivo *“documentación incompleta”* ao non atender en prazo ao requirimento mencionado no parágrafo anterior.

Sexto. Con data 08/08/2022, con número de rexistro WEB2022044243, a Asoc Cultural San Vicente Mañufe presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra un recurso de reposición contra dita desestimación, no que alegan unha serie de cuestións que serán tratadas nos fundamentos xurídicos deste informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O recurso de reposición é interposto por Dona Paula Dolores Fernández Fraga, como representante da Asoc Cultural San Vicente Mañufe, persoa lexitimada para iso como interesada no procedemento.



Segundo. De acordo co establecido nos artigos 123.1 e 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbese ditado; o prazo de interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto é expreso. Engadindo o punto 2 do artigo 124 que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

No presente expediente, o recurso de reposición foi interposto contra o acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión celebrada o día 08 de xullo de 2022, polo que se desestimaba a solicitude de subvención da Asoc Cultural San Vicente Mañufe para o *““II Festival musical "San Antonio 2022””*

Tendo en conta que o citado acordo foi notificado formalmente o día 21 de xullo de 2022 e que o recurso se presenta o 08 de agosto de 2022, conclúese que este foi presentado en prazo.

Terceiro. O recurso de reposición interponse baseándose nos seguintes razoamentos en:

“O pasado 31 de de maio e en resposta ao requirimento de subsanación da solicitude de subvención para actividades culturais 2022, cubrimos a correspondente instancia xenérica co propósito de subsanar e cumprimentar en tempo e forma a documentación que se nos requiría. Debido a un erro, que agora descubrimos, a instancia cuberta por nós foi o modelo deseñado para proceder de xeito presencial e non en liña, non quedando debidamente presentada a documentación requirida e sendo a nosa asociación descoñecedora deste erro ata o de agora. Por todo o exposto e querendo subsanar o noso erro, procedemos a enviar novamente a documentación. Xunto a instancia xenérico e o anexo I – Documento de emnda do orzamento cuberto en prazo co código de barras: 22HRWU6Z con data do 31 de maio de 2022”.

Cuarto.- Analizados os argumentos expostos pola Asociación no seu recurso, adiantamos que a súa pretensión non pode ser acollida polos seguintes motivos:

-De acordo co establecido na base décima da convocatoria, en relación co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 31 de maio de 2022 requiriuse ao interesado para que no prazo de dez días emendase a súa solicitude, advertíndolle expresamente que de non facerse así se lle tería por desistido da súa solicitude, tal e como se acordou pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 8 de xullo de 2022, ao non constar no expediente que se atendese dito requirimento en tempo e forma.

- No seu propio recurso de reposición o interesado reconece o incumprimento do establecido nas bases no referido á presentación por medios electrónicos da documentación complementaria (en concreto, a base novena) ao sinalar que *“...Debido a un erro, que agora descubrimos, a instancia cuberta por nós foi o modelo deseñado para proceder de xeito presencial e non en liña, non quedando debidamente presentada a documentación requirida e sendo a nosa asociación descoñecedora deste erro ata o de agora...”*



- O artigo 29 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, preceptúa que *“Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos”*, sen que os motivos expostos pola Asoc. Cultural San Vicente de Mañufe desvirtúen tal obriga legal.

Quinto. De conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso será o mesmo que ditou o acto obxecto do mesmo, é dicir, a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e os fundamentos xurídicos expostos, propónse a desestimación do recurso de reposición presentado por por Dona Paula Dolores Fernández Fraga con NIF: 76.994.659-C, en representación da Asoc Cultural San Vicente Mañufe con NIF:G-36.979.854, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 8 de xullo de 2022, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o *“II Festival musical “San Antonio 2022”* nos termos expostos.”

Visto que de acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma, tal e como acontece no presente expediente co informe do Xefe do Servizo de Cultura anteriormente transcrito e cuxo contido se acepta na súa integridade.

Visto que a resolución do presente recurso correspóndelle á Xunta de Goberno ao ser o órgano que ditou o acto obxecto de recurso, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar o recurso de reposición presentado Dona Paula Dolores Fernández Fraga con NIF: 76.994.659-C, en representación da Asoc Cultural San Vicente Mañufe con NIF: G-36.979.854, fronte ao acordo núm. 3.21932 da Xunta de Goberno de 08 de xullo de 2022, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención presentada para a *“II Festival musical “San Antonio 2022”*, de acordo co disposto no informe emitido polo Xefe do Servizo de Cultura, de data 07/09/2022, que se incorpora ao presente acordo como parte integrante do mesmo servíndolle de motivación á luz do disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



23.32117.- ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/202, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS. (Expte. 2022020493)

Visto o recurso de reposición presentado por Don José Luis Sacau Fontenla, con NIF: 36.071.659-T, en representación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, con NIF: G-36.231.561, fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.31932, de 8 de xullo de 2022, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para levar a cabo o proxecto denominado “Copa Mörling Dornas a Vela”.

Visto o informe emitido ao respecto polo Servizo de Cultura, como centro xestor responsable da instrución do procedemento, de data 07 de setembro de 2022, co seguinte teor literal:

“... ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No BOPPO núm. 41, de 1 de marzo de 2022, publícanse as bases e o extracto das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2022.

Segundo. A entidade Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial con NIF:G-36.231.561, presentou a súa solicitude o 31 de marzo de 2022, número de rexistro WEB2022018269, para levar a cabo a “Copa Mörling Dornas a Vela” con cargo á mencionada convocatoria”, solicitude desestimada por acordo da Xunta de Goberno núm. 3.21932, de 8 de xullo de 2022, ao concluírse que a mesma non cumpría cos requisitos establecidos nas bases.

Terceiro. Con data 27 de xullo de 2022 (núm. de rexistro WEB2022041769) a “Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial” presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra un recurso de reposición contra dita desestimación, no que alegan unha serie de cuestións que serán tratadas nos fundamentos xurídicos deste informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O recurso de reposición é interposto por Don Jose Luis Sacau Fontenla, como representante da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, persoa lexitimada para iso como interesada no procedemento.

De acordo co establecido nos artigos 123.1 e 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houberse ditado; o prazo de interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto é expreso. Engadindo o punto 2 do artigo 124 que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes.

No presente expediente, o recurso de reposición foi interposto contra o acordo da Xunta de Goberno adoitado na sesión celebrada o día 8 de xullo de 2022, polo que se desestimaba a solicitude de subvención.



Tendo en conta que o citado acordo foi notificado formalmente o día 21 de xullo de 2022 e que o recurso se presenta o 27 de xullo de 2022, conclúese que este foi presentado en prazo.

Segundo. O recurso de reposición interponse baseándose nos seguintes feitos:

“A. Convocatoria de Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais do ano 2022.

Consideramos que a subvención solicitada con cargo a esta convocatoria cumpre con todos os requisitos e non entra en contradición con ningún dos motivos de exclusión ou incompatibilidade, segundo se xustifica a continuación.

...

B. En atención ao antedito, observamos que a solicitude rexistrada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial baixo o epígrafe “Copa Mörling de Dornas a Vela” non incumpre ningún dos motivos de exclusión fixados na base quinta da orde de subvencións, e sen dúbida é un evento que ten raíz na cultura galega na salvagarda do patrimonio inmaterial, como manifestación cultural dunha longa tradición nas rías galegas, e particularmente nas vilas mariñeiras da provincia de Pontevedra. Non se desprende da convocatoria que o carácter de competición que se lle quere dar – en atención única e exclusivamente a dotar esta Copa dun atractivo engadido, cunha especial diana na xuventude, como se expón nos obxectivos da convocatoria- sexa motivo de exclusión, como tampouco o é o feito de que sexa unha actividade na que a vela tradicional estea no centro, desde o momento en que esta práctica non pertence ao ámbito do deporte (como se explica a continuación), senón ao das manifestación e tradicións culturais e ao do patrimonio inmaterial.

....

En virtude de todo o anteriormente exposto, solicito que tendo por presentado este escrito xunto coa documentación que o acompaña, se admita e teñan por interposto recurso reposición fronte á Resolución do Xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra de data 21/07/2022, e na súa virtude, polos motivos expostos, acorde estimulado e anular a citada resolución por considerar que a actividade a subvencionar é unha manifestación da cultura marítima de Galicia en todos os sentidos admitíndose a trámite e estimando a solicitude de subvención presentada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial continuando a súa tramitación conforme aos tramites de rigor”

Terceiro. Entrando no fondo do asunto, o artigo 8.2 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sinala que terán a consideración de bens de interese cultural aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis destacado no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido nesta lei. Os bens de interese cultural poden ser inmoables, mobles ou inmateriais.

En desenvolvemento do citado artigo, ditouse o Decreto 52/2019, de 9 de maio, polo que se declara ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintería de ribeira, entre as que se atopan as dornas a vela que representan unha demostración de saberes tradicionais que integran o rico patrimonio inmaterial que supón a navegación tradicional con vela de relinga.

De acordo co sinalado no citado Decreto, as medidas xerais de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial comprometen ás Administracións públicas a garantir a súa viabilidade, nomeadamente a súa identificación, documentación, investigación, preservación, protección, promoción, valorización, transmisión e revitalización. E as



administracións públicas comprometerán entre as súas actividades, no relativo ás súas competencias, responsabilidades e disponibilidades orzamentarias, as medidas que correspondan co rexistro, difusión e valoración da técnica de construción tradicional da carpintería de ribeira, coas accións que permitan a súa permanencia coa busca dunha funcionalidade activa na sociedade e unha imaxe positiva e representativa das súas comunidades e do pobo galego en xeral.

En relación co anterior, visto que o espírito das presentes bases é o de apoiar as accións tendentes a mellorar a calidade das distintas manifestacións culturais, en especial as actividades dirixidas á reivindicación e á difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, para contribuír deste xeito á difusión, ao mantemento e á recuperación da nosa cultura e das nosas tradicións, todo o cal coincide cos obxectivos que se pretenden acadar pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial co desenvolvemento da “Copa Mörling de Dornas a Vela”, como son:

- Difusión entre o público xeral das dornas como patrimonio material e do seu xeito de navegar como patrimonio inmaterial.
- Difusión do coñecemento arredor das dornas: para que se empregaban profesionalmente e en que contexto xorden estas competicións informais.

Así mesmo, tendo e conta que entre as actividades propostas atópanse a organización de visitas guiadas para o público xeral previas á regata onde se mostra aos visitantes tanto as embarcacións como a forma de aparelar das velas e manexo dos aparellos, así como, a celebración de regatas de tipo triangular coas que se trata de obter unha maior visibilidade para o público xeral, o que tamén harmoniza cos obxectivos das bases desta convocatoria.

Polo exposto, propónse estimar o recurso de reposición presentado pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial fronte ao acordo de Xunta de Goberno núm. 3.31932, de data 8 de xullo de 2022, pola que se desestimaba a súa solicitude de subvención ao amparo da convocatoria dirixida a entidades sen fin de lucro para a realización de actividades culturais no ano 2022.

Cuarto.- En relación co anterior, as bases da convocatoria de subvencións de referencia establecen na súa base décimo segunda, valoración e concesión, o seguinte:

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva; teranse en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios:

Ámbito xeográfico da actividade: local, provincial, autonómico, nacional ou internacional, ata 20 puntos:

Local	10 puntos
Provincial	12 puntos
Autonómico	15 puntos
Nacional	18 puntos
Internacional	20 puntos



Orzamento total da actividade obxecto de subvención, ata 40 puntos:

≤ 1.000	3 puntos
$> 1.000 \leq 2.000$	10 puntos
$> 2.000 \leq 3.000$	15 puntos
$> 3.000 \leq 4.000$	20 puntos
$> 4.000 \leq 5.000$	25 puntos
$> 5.000 \leq 6.000$	30 puntos
$> 6.000 \leq 9.000$	34 puntos
$> 9.000 \leq 12.000$	36 puntos
$> 12.000 \leq 18.000$	38 puntos
> 18.000	40 puntos

Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 30 puntos:

$\leq 25 \%$	30 puntos
$> 25 \% \leq 35 \%$	20 puntos
$> 35 \% \leq 50 \%$	15 puntos
$> 50 \% \leq 65 \%$	10 puntos
$> 65 \% \leq 75 \%$	5 puntos

Actividades que inclúan medidas para favorecer a accesibilidade cultural, o fomento da igualdade, a inclusión social e a sostibilidade ambiental, ata 10 puntos:

<i>Accesibilidade cultural</i>	2,50 puntos
<i>Fomento da igualdade</i>	2,50 puntos
<i>Inclusión social</i>	2,50 puntos
<i>Sostibilidade ambiental</i>	2,50 puntos

A Deputación poderá requirirles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do investimento que desenvolva a entidade beneficiaria...”



Aplicando os citados criterios de valoración, a puntuación acadada polo proxecto presentado pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial denominado “Copa Mörling de Dornas a Vela”, é a seguinte:

Criterio	Puntuación
<i>Ámbito xeográfico da actividade: provincial</i>	12
<i>Orzamento: 3.440,00 €</i>	20
<i>Porcentaxe solicitada: 72,67 %</i>	5
<i>Actividades que inclúan:</i> <i>- Accesibilidade cultural: si</i> <i>- Fomento da igualdade: non</i> <i>- Inclusión social: si</i> <i>- Sostibilidade ambiental: si</i>	7,5
TOTAL	44,5

Quinto. O reparto e as cantidades asignadas a cada solicitude faise segundo o algoritmo de reparto nas convocatorias de subvencións de concorrencia competitiva facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, o cal outorga no citado programa a cantidade de 26,19 € por punto acadado, o que xeraría unha subvención máxima a favor da citada entidade de mil cento sesenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (1.165,46 €).

Sexto.- De conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso será o mesmo que ditou o acto obxecto do mesmo, é dicir, a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e os fundamentos xurídicos expostos, propónse a estimación do recurso de reposición presentado por José Luis Sacau Fontenla, en representación da Federación Galega pola Cultural Marítima, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 8 de xullo de 2022, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para a “Copa Mörling Dornas a Vela”

Tendo en conta a valoración do citado expediente de acordo cos citados criterios, e o informe favorable de Intervención, propónse a aprobación da subvención de mil cento sesenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (1.165,46 €) a favor da Federación Galega pola Cultural Marítima, con NIF: G-36.231.561, para levar a cabo o proxecto denominado “Copa Mörling Dornas a Vela”, tendo en conta que na aplicación 22/330.340.489.05 existe consignación para facer fronte a dito gasto.

Para poder percibir a axuda deberán presentar, antes do 28 de febreiro de 2023, a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica, dispoñible en: <https://sede.depo.gal>:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada, o lugar e data da súa realización e os resultados obtidos.



- *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada unha o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. Non se admitirán para xustificar as nóminas do persoal propio da entidade*
- *Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, ata o total do orzamento presentado por importe de 3.440,00 €, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.*
Este documento poden descargalo no seguinte enlace:
<https://acorta.depo.gal/memoria>
- *Acreditación da debida difusión, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte da Deputación para a actividade subvencionada, que inclúan o logotipo da Deputación de Pontevedra”*

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme do servizo de Intervención (CSV:WEUZQTQ96Y5WPWSJ/ data 08/09/2022) respecto do citado informe.

Visto que de acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Visto que a resolución do presente recurso lle corresponde á Xunta de Goberno ao ser o órgano que ditou o acto obxecto de recurso, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vistos os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Estimar o recurso de reposición presentado por Don José Luis Sacau Fontenla, en representación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.31932, de 8 de xullo de 2022, nos termos expostos no informe do Servizo de Cultura transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade e se incorpora ao presente acordo como parte integrante do mesmo servíndolle de motivación, de conformidade co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo. Conceder á *Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial*, con NIF: G-36.231.561, unha subvención de mil cento sesenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (1.165,46 €) para levar a cabo o proxecto denominado “Copa Mörling Dornas a Vela” nos concellos da Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Poio e Vigo, nos termos expostos no citado informe.



24.32118.- MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚM. 3.31932 ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE 8 DE XULLO DE 2022, POLO QUE SE APROBABA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A “ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS, ANO 2022” (Expte. 2021056614)

No acordo núm. 3.31932 adoptado na Xunta de Goberno do 8 de xullo de 2022, polo que se aprobaba a concesión de subvencións a “Entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022”, incluíuse por erro na relación de subvencións concedidas as derivadas dos seguintes expedientes, cando deberían figurar na de excluídos ao desistir as citadas Asociacións previamente das súas solicitudes conforme ao seguinte detalle:

- Expte. núm. 2022016991 da “Asoc Etnográfica de Codeseda” (G-36.410.967) para o obxecto “Recuperar patrimonio inmaterial do Entroido de Doade” á que se lle concedeu a cantidade de 916,52 €; presentaron o desestimento desta solicitude mediante unha instancia xenérica con data 29/03/2022 e número de rexistro WEB2022017250.
- Expte. núm. 2022020615 da “Asociación Obradoiro de Estudos Locais Fernando Monroy (G-36.491.009) para o obxecto “Xornada presentación do documental “Ostras” O Peche do Mar” á que se lle concedeu a cantidade de 392,80 €; presentaron o desestimento desta solicitude, por presentalo a través doutra convocatoria da Deputación, mediante unha instancia xenérica con data 01/04/2022 e número de rexistro WEB2022019068.
- Expte. núm. 2022017595 da “Asoc. Folclórica Corisco” (G-36.652.683) para o obxecto “Participación no Festival Intercéltico de Occidente en Tapia de Casariego (Asturias)” á que se lle concedeu a cantidade de 1.047,46 €; presentaron o desestimento por cancelarse a invitación que tiñan ao evento, convocatoria da Deputación, mediante unha instancia xenérica con data 24/05/2022 e número de rexistro WEB2022031809.

Verificada a existencia de devandito erro polo centro xestor desta convocatoria, procede a súa rectificación de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vista a dilixencia favorable de intervención.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo núm. 3.31932 adoptado na Xunta de Goberno do 8 de xullo de 2022 polo que se aprobaba a concesión de subvencións a “Entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022”, no sentido que os expedientes núm. 2022016991, 2022020615 e 2022017595 pasan da relación de subvencións concedidas ás de excluídas, liberando os importes concedidos.



25.32119.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

26.32120.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

